



Recomendación dirixida á Universidade de Vigo para que, cando se así se solicite por parte dos interesados, os servizos competentes da Universidade de Vigo adopten todas as medidas oportunas para proceder a expedir títulos orixinais en soporte físico en substitución dos títulos expedidos sen cumprir as prescricións técnicas mínimas reguladas no Real Decreto 1002/2010, que se refire no artigo 16 aos requisitos do soporte documental o físico, de acordo coas prescricións técnicas e de seguridade determinadas no Anexo XI.

En particular, que se lle expida á persoa que promoveu este expediente de queixa un título orixinal, co número do Rexistro Nacional de Titulados Universitarios Oficiais que corresponda ao seu título oficial de Máster Universitario en Dirección Integrada de Proxectos da Universidade de Santiago de Compostela, que cumpra os requisitos do soporte documental o físico, de acordo coas prescricións técnicas e de seguridade determinadas no Anexo XI do Real Decreto 1002/2010.

Expediente: D.3.Q/2720/19

Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 2020

Sr. Reitor:

Como sabe, ante esta institución, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención don [REDACTED]

ANTECEDENTES

No seu escrito, esencialmente, indicaba con data do 14 de marzo de 2019 presentou escrito diante esa reitoría no que solicitaba a reexpedición do seu título universitario oficial de Máster, debido a que no informe do 14 de xullo de 2016, do Laboratorio oficial do Estado da *Fábrica Nacional de Moneda y Timbre* (FNMT- RCM) encargado pola propia Universidade de

Vigo, onde se analizaba o seu título universitario oficial de Máster, concluíase que as características técnicas esixidas no anexo XI do Real Decreto 1002/2010 (presenza de 2 pares metaméricos polo reverso e resistente á migración das tintas polo anverso), NON SON CONFORMES ao indicado no devandito Real Decreto.

Transcorridos máis de nove meses a persoa que promoveu este expediente de queixa non recibira contestación da Universidade de Vigo. No informe do 14 de xullo de 2016 do Laboratorio da FNMT- RCM no apartado quinto "Conclusiones" constátase que, segundo os resultados obtidos nos ensaios realizados aos documentos obxecto deste estudo e para aqueles que están recollidos no RD 1002/2010, se conclúe que son conformes excepto os que se refiren a pares metaméricos e migración de tintas do anverso. Respecto a os recollidos no Prego de Prescricións Técnicas para a impresión e personalización de Títulos da Universidade de Vigo (exp. N° 309/13) non son conformes as características relativas ao vernizado e a personalización.

Este informe foi encargado pola Comisionada para a Vicesecretaría Xeral Técnica da Universidade de Vigo. A Universidade de Vigo analizou o seu título universitario oficial de Máster e o doutro alumno egresado da mesma Universidade, pero ningún dos dous cumpre as características técnicas do soporte e tintas recollidas no Anexo XI do Real Decreto 1002/2010 e no prego de especificacións técnicas do expediente de contratación número 309/13. A Universidade de Santiago aclarou, en casos análogos, que calquera alumno afectado está no seu dereito de solicitar a reexpedición dun duplicado do seu título en substitución do que está no seu poder, que cumpra plenamente os requisitos técnicos esixidos pola normativa estatal, sen cargo.

A persoa que promoveu este expediente instou a nosa intervención para que lle fora reexpedido o seu título oficial cumprindo os requisitos técnicos previstos na normativa reguladora.

Ante iso requirimos informe a esa reitoría, que xa nolo remitiu. Coa información aportada resulta o seguinte

ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe da universidade, cómpre facer as seguintes consideracións:

-O título de Máster Universitario en Dirección Integrada de Proxectos foi entregado ao reclamante o 9 de decembro de 2015. A Universidade de Vigo manifesta que non consta no

expediente denuncia do seu título á Vicesecretaría General Técnica por parte do interesado. Porén, en xuño de 2016, o propio informe da universidade confirma que a Vicesecretaría General Técnica solicitou á FNMT a análise de dous títulos expedidos na Universidade de Vigo, pertencendo un deles á persoa que promoveu esta queixa. Polo tanto, o interesado aportou voluntariamente o seu título para que fora analizado, paso previo para calquera denuncia ou reclamación. A Universidade de Vigo confirma que con data 14 de xullo de 2016, a FNMT emitíu certamente un informe sobre os títulos entregados pola Universidade de Vigo no sentido indicado, é dicir, determinando que non eran conformes en dous elementos técnicos obrigatorios do Real decreto 1002/2010 e noutros especificados no prego de condicións do contrato asinado coa universidade.

-En novembro de 2016 a Universidade de Vigo recibiu o resultado dun contrainforme que encargara, en sentido oposto ao do informe de 14 de xullo de 2016 da FNMT. A Universidade de Vigo non aclara a quen se lle encargou este contrainforme, cuestión clave para determinar a contradición entre cadanseu dos análises técnicos. Débese salientar que o Laboratorio da FNMT é o laboratorio de referencia para o control de materias primas en licitacións tanto no ámbito nacional como internacional e que conta cun servizo especializado de análise de soportes e tintas de impresión, control de calidade das materias primas de soportes de papel e polimérico para varios documentos, entre outros, os títulos universitarios.

-O informe sinala que no entanto, a empresa licenciataria da expedición de títulos cesou na súa relación coa Universidade de Vigo, sendo reemplazada por outra distinta na dita actividade. Non se especifican os motivos desta resolución ou cese da relación contractual.

-Refírese o informe á presentación, por parte do interesado, de sendas solicitudes de dereito de acceso á información, aspecto que non garda relación co obxecto desta queixa.

-O informe sinala que a Xefa de Estudos de Grao de Universidade de Vigo consultou -vía correo electrónico á Secretaría de Estado con competencias na materia- o alcance do artigo 20 do RD 1002/2010, de 5 de agosto, sobre expedición de títulos oficiais, no que se indica que "procederá la expedición de duplicado de un título en los casos de extravío, robo, destrucción total o parcial o rectificación del original". Non houbo resposta por parte da Secretaría de Estado.

Desta falta de resposta, a universidade deduce a existencia dun vacío legal, xa que a reexpedición do título do interesado, de resultar procedente, non atoparía acomodo exacto nas causas previstas polo citado artigo 20. Por último, o informe refírese ao artigo 4 do Real Decreto 1002/2010, relativo ao Rexistro Nacional de Titulados Universitarios Oficiais no que se inscribirán os títulos universitarios oficiais con carácter previo á súa expedición, que terá

carácter público. É necesario o requisito previo da inscrición para a validez do título universitario, debéndose incluír entre os datos que deben figurar nos títulos o número de rexistro.

Sen embargo, non se trata neste suposto de expedir un duplicado do título senón de expedir o título, co seu número único de rexistro, nun soporte en papel que cumpra as prescricións técnicas mínimas reguladas no Real Decreto 1002/2010, que establece no artigo 16 os requisitos do soporte documental o físico, o material da cartulina con determinadas claves de autenticidade, normalizado en formato UNE A-3, de acordo con las prescripciones técnicas e de seguridade determinadas no Anexo XI. Os títulos expedidos sen cumprir estas prescricións técnicas mínimas son inválidos polo que non se trata do duplicado dun título válido extraviado, roubado ou destruído senón da expedición dun título orixinal.

De feito, a Universidade de Santiago de Compostela, dentro do SUG, procedeu, en circunstancias análogas, a expedir novamente títulos orixinais en substitución dos expedidos en soportes que non cumprían as normas polo que non existe prohibición ou restricción legal algunha neste aspecto.

CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar á reitoría desa Universidade de Vigo a seguinte **recomendación**:

Que cando se así se solicite por parte dos interesados, os servizos competentes da Universidade de Vigo adopten todas as medidas oportunas para proceder a expedir títulos orixinais en soporte físico en substitución dos títulos expedidos sen cumprir as prescricións técnicas mínimas reguladas no Real Decreto 1002/2010, que se refire no artigo 16 aos requisitos do soporte documental o físico, de acordo coas prescricións técnicas e de seguridade determinadas no Anexo XI.

En particular, que se lle expida á persoa que promoveu este expediente de queixa un título orixinal, co número do Rexistro Nacional de Titulados Universitarios Oficiais que corresponda ao seu título oficial de Máster Universitario en Dirección Integrada de Proxectos da Universidade de Santiago de Compostela, que cumpra os requisitos do soporte documental o físico, de acordo coas prescricións técnicas e de seguridade determinadas no Anexo XI do Real Decreto 1002/2010.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da

aceptación da recomendación formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso. Ademais, facémolle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

Debo lembrarlle tamén que, ao abeiro da lei reguladora desta institución, o seu artigo 33 prevé que, se formuladas as súas recomendacións, non obtivese resposta ou, nun prazo razoable, non se producise unha medida adecuada ao suxerido, o Valedor do Pobo poderá poñer os antecedentes do escrito e as recomendacións efectuadas en coñecemento do conselleiro do departamento afectado ou da máxima autoridade da Administración Pública galega. Se tampouco obtivese unha xustificación adecuada, incluírá tal asunto no seu informe anual ou especial con mención dos nomes das autoridades ou funcionarios que persistan naquela actitude, especialmente nos casos en que, considerando o Valedor do Pobo que era posible unha solución positiva, esta non se consegue.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que o Valedor do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo